

PREGUNTA DE AER SOBRE O APARCADOIRO DE MEIRANDE

PLENO 30 OUTUBRO 2014. ACTA 15/2014

Tendo coñecemento, e congratulándonos, do éxito de acollida do museo MEIRANDE; e coñecendo a facilidade que supón para a súa visita o feito de dispor dun aparcamento axeitado. Supoñendo que non se trata dun deses acordos verbais que tanto veñen a proliferar nos derradeiros tempos (Fervenza de Reboreda, postos nas festas da Coca, Entroido de Verán, etc.), PREGUNTAMOS:

Cal é a situación administrativa respecto do uso que se está a facer do espazo que, baixo xurisdición de Portos, funciona como aparcamento para visitantes de Meirande?

O Alcalde resposta respecto á explanada grande, que fixeron a xestión para obter a cesión e non se conseguiu, e que se está solicitando a utilización de parte da explanada.